

INSTRUCCIÓN: 1ª semana de maio

Entre o luns e o martes podédesme mandar ao correo as fichas de Matemáticas da semana pasada para correxir.

Deben preparar unha lectura, na lingua que queiran, para ler e mandarme un audio. En principio ían ler na videoconferencia, pero penso que van estar máis tranquilos se len a solas.

Mándase á páxina do cole no apartado “ Outros” fichas de reforzo de matemáticas , valen para repasar. Na sopa de letras de *figuras geométricas* non coñecen **óvalo** e **trapecio**, as demais deberían sabelas todas.

Para finais de semana podedes enviar ao correo as fichas de Lengua castellana e Lingua galega desta semana, para correxir. Co caderno de Lengua non empezaremos esta semana porque aínda non o teñen todos. A ficha de galego, como veredes, esta semana é especial; son traballos para a revista escolar e para o Equipo de Normalización Lingüística. Se a situación fora normal, faríase na clase; pero nesta situación , debemos facelo así.

Se vos parece seguimos coas videoconferencias como a semana pasada.

Boa semana.